

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



Fundação
Montescola



VEMO-NOS NO MONTE: RECURSOS DIDÁCTICOS. Fundação Montescola, Fund. CEER e À escuta, 2021.

Estos materiais didácticos están deseñados para contribuír á sensibilización das familias sobre o impacto ambiental altamente negativo das especies exóticas invasoras e a necesidade de conservar, restaurar e recuperar os bosques autóctonos e outros hábitats. Os recursos serven para organizar e dinamizar actividades que axuden a envolver aos nenos e nenas nas dinámicas de voluntariado ambiental.


Descárgao en



<https://acortar.link/gJUCrI>

GUÍA PACO Y PACA. PEDALEA Y ANDA AL COLE, PEDALEA Y ANDA A CASA. Ministerio de Sanidad, Ministerio de Educación y Formación Profesional, 2022.

O obxectivo desta guía é dotar aos centros educativos e entidades locais das ferramentas necesarias para o deseño, creación, implementación e avaliación de proxectos de promoción de desprazamentos activos, saudables, seguros e sostibles ao centro educativo. Dirixida por tanto aos centros educativos e entidades locais que desexen poñer en marcha estas estratexias.




Varios
autores

Descárgao en



<https://acortar.link/GrbcK6>



Varios
autores



GUÍA DE IDENTIFICACIÓN DE MEDUSAS Y OTROS ORGANISMO GELATINOSOS. Institut Ciencies del Mar, CSIC, 2021.

Esta guía de identificación contén información actualizada das especies máis frecuentes de medusas e outros organismos relacionados do zooplancton gelatinoso das costas españolas. Contén ademais o nivel de perigo de cada especie e o tratamento que habería que facer no caso de que nos piquen, cos protocolos de actuación nas praias fronte ás chegadas e proliferación de medusas.

Descárgao en  <https://acortar.link/VkpuVv>

BOTÁNICA ILUSTRADA. Mosquito, 2022.


Este libro é unha antoloxía de ilustracións vintage sobre flores e plantas, realizadas durante os séculos XVIII e XIX. Unha importante selección de láminas que ofrece a lectores e lectoras un panorama completo da arte da ilustración científica. Dirixido a lectores de todas as idades, desde público infantil e xuvenil, persoas afeccionadas á ilustración e á natureza, ata expertas, biólogas, decoradoras, deseñadoras, etc.



M^a Carmen
Soria

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Guilhem
Lesaffre



80 actividades en la naturaleza : conoce el medioambiente para proteger el planeta. Anaya, 2022.

Actividades para realizar na horta, no xardín, coas aves e outros pequenos animais! Con este libro aprenderás a fabricar un comedero, criar xoaniñas, preparar o teu propio compost, cultivar cacahuets, dar de beber aos paxaros, construír unha casa a un ourizo, plantar verduras, sementar un aguacate en casa... e moito máis! Un recurso que inclúe enigmas e preguntas, para aprender diverténdose a respectar a natureza.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santiago, Vigo](#)

ESTRELAS GALEGAS DA CIENCIA : UNHA HISTORIA DE PERSOEIROS E DE ACHADOS ASOMBROSOS. Hércules Ediciones, 2023.

Libro ilustrado, de ton divulgativo e divertido, que explica a historia da ciencia feita en Galicia e a das súas figuras e achados científicos máis significativos. Cando se crearon as universidades e centros galegos de investigación? Quen foron os científicos e científicas, inventores e inventoras máis sobresalintes ao longo da historia? Cales foron os achados máis fascinantes? Nesta historia da ciencia responderanse a estas preguntas e moitas outras. Un libro necesario e sorprendente, para un público sempre curioso e con vontade de aprender o que non se atopa nos libros de texto.



Maite Vence,
Manuel
Vicente,
Andrea Burés,
Clara
Cerviño(il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Nigrán, Cañiza, Ames, Aranga, Barbadás, Bergondo, Dodro, Foz, Noia, Porriño, Quiroga.](#)

Greta Boix,
Ana Pez



AQUÍ LA TIERRA : MIL Y UNAS CURIOSIDADES DE UN PLANETA LLENO DE RECURSOS. Geoplaneta, 2023.

Este libro é unha invitación para entender mellor o mundo no que vivimos e a descubrir unha infinidade de curiosidades sobre os recursos naturais que nos rodean. O noso planeta é unha inmensa fonte de inspiración e de riqueza. Nestas páxinas, descubriremos moitos dos recursos que temos ao alcance, como os usamos e de que maneira podemos convivir de forma respectuosa coa natureza. Coñecer o planeta é a maneira de aprender a respectalo.

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Públicas: [Ourense](#)

STEAM EN EL HUERTO : 10 PROPUESTAS DE PROYECTO CIÉNTIFICO PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA. Graó, 2023.

Este libro está dirixido ao persoal docente de educación secundaria que sente a inquietude de incorporar o uso do horto educativo para contextualizar o ensino no ámbito STEAM, fundamentalmente desde a materia de Bioloxía e Xeoloxía. Todas as propostas están deseñadas a modo de secuencias de ensino-aprendizaxe e abordan temas relacionados coa contorna, os seres vivos e o papel do ser humano para que o estudiantado busque respostas.




Marcia
Eugenio
-Gozalbo,
Daniel
Zuazagoitia
(coords.)

En préstamo en: 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Adela C.
Figueroa
Panisse,
Celsa
Sánchez
(il.)



**GOTAS: DESDE A TERRA ATÉ ÀS NUUVENS :
OBRA DE TEATRO PARA CRIANÇAS DESDE
OS 5 ANOS.** Novembro,2023.

Esta obra de teatro bilingüe en portugués e castelán, está pensada para utilizar nas aulas. Cunha serie de cancións para acompañar o texto. Aprender que a auga é un elemento importantísimo para a vida na terra e ao mesmo tempo introducir ao lector o ciclo hidrolóxico. Ademais de explicar os conceptos matemáticos de mínimo e infinito. As matemáticas dominan toda a vida...Faise referencia ás infinitas pingas de auga que forman ríos, nubes, mar...todos estamos formamos por pingas unidas.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

FRANTIŠEK EL DEL COMPOST. Barbara Fiore
Editora ,2022.

Este conto divulgativo ilustrado recolle a historia de Frantisek, unha miñoca que nos fala da importancia de facer compost para fertilizar a terra e conseguir hortalizas, froitas e verduras. Cada un de nós ten o seu lugar no mundo. Aínda que ás veces sintámonos pouca cousa, como unha pequena miñoca de terra que, en aparencia, está de máis. Este libro mestura narrativa e divulgación de maneira moi acertada, cun anexo sobre como facer o teu propio compost e moito máis.



Simona
Čechová

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:[Hio, Poio, A Coruña, Lugo, Mañon,Santiago, Vigo.](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS



<https://bit.ly/2mPg90v>